

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
24 DE FEBREIRO DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
RODRIGUEZ

ALBERTO CONDE RODRIGUEZ

MARIA ISABEL POISA REY

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Allariz, cando son as TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS (13:30) do día VINTECATRO de FEBREIRO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

- MARIA TERESA DEVESA GRAÑA, concelleira do BNG.
- MANUEL CID PÉREZ, concelleiro do BNG.
- LUZ DOPORTO REAL, concelleira do PP.
- MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ, concelleira do PP

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

---&&---

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas o 02.12.2016 e 12.12.2016.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Operacións de tesorería 2017.- Dar conta dos decretos de data 01.02.2017 e 20.02.2017 das operacións formalizadas co Banco Pastor e con ABANCA.**
4. **Moción do BNG instando a correcta sinalización da autoestrada A-52 ao seu paso por Allariz.**
5. **Moción do PSdeG-PSOE a prol da construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de mais de 21 anos –CAPD- na provincia de Ourense.**
6. **Moción do PSdeG-PSOE sobre a mellora da transparencia no concello de Allariz.**
7. **Rogos e Preguntas**

---&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas o 02.12.2016 e 12.12.2016.**

Apróbanse, pola unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, previa toma de razón das seguintes observacións e/ou corrección de erros materiais e involuntarios.

Acta correspondente á sesión celebrada o 02.12.2016:

A petición do Concelleiro do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, na páx. 12, parágrafo 4º, onde se dí que "...non se pode gañar a todos", conclúe, faise constar que a referida frase corresponde a unha cita feita por Abrahm Lincon.

O Secretario explica que non hai inconvincente en recoller a observación, agora ben, o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) esixe, con respecto ás intervencións, que se recollan en síntese. No concello de Allariz -explica- esta condición cúmprese de abondo porque se recollen moi extensamente, como se pode comprobar.

Acta correspondente á sesión celebrada o 12.12.2016:

Con respecto á acta do 12.12.16, o Concelleiro do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, observa que na páxina 3 insértase por error o encabezamento do dictamen da comisión de facenda en vez do encabezamento do acordo plenario, seguramente debido a un corta e pega entre os dous acordos.

En efecto, onde dí:

A comisión, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (3), co voto en contra do PP (1), ACORDA:

Debe dicir:

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (7), co voto en contra do PP (2), ACORDA:

2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. Operacións de tesorería 2017.- Dar conta dos decretos de data 01.02.2017 e 20.02.2017 das operacións formalizadas co Banco Pastor e con ABANCA.

Da conta o Alcalde sinalando que, se ben non é preceptivo dar conta da formalización destas operacións, sen embargo convén facelo para poder facer o debido seguimento da redución da débeda a curto prazo. Así, a comenzos do exercicio 2016 o concello tiña formalizadas dúas operacións por importe de 900.000 euros, amortizáronse 150.000 euros ao longo do exercicio, e agora acaban de renovarse por importe de 750.000 euros: 350.000 euros con Banco Pastor e 400.000 euros con Abanca, co compromiso de amortización que figura nas condicións establecidas. A suma das dúas operacións está moi lonxe do límite legal do 30 por 100 dos recursos ordinarios liquidados. De igual xeito, recorda o Alcalde, os préstamos a longo prazo tamén terán unha amortización parcial de practicamente 600.000 euros ao longo do exercicio (582.764€), tal como está previsto nos orzamentos municipais, co cal a débeda a finais do exercicio, tanto a curto como a longo prazo, quedará no entorno dos 3.700.000 €, un 68 por 100 dos ingresos ordinarios liquidados, mentras que no 2018 estaría no entorno dos 3.000.000 euros, un 55 por 100.

Tómase razóns do citados decretos:

DECRETO DO ALCALDE

Allariz, 01 de febreiro de 2017

ASUNTO: Operación de crédito a curto prazo (tesourería).

Visto o expediente tramitado:

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 52.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, RESOLVE:

Primeiro.- Concertar coa entidade financeira **BANCO PASTOR** Grupo Banco Popular unha operación de tesourería por importe de //**350.000,00€**// nas seguintes condicións financeiras:

Importe:	350.000,00€
Prazo:	1 ano, con data de vencemento 05-02-2018
Tipo de interés:	0,595%
Periodicidade liquidación:	mensual.
Comisión de renovación:	0,00 euros.
Comisión de dispoñibilidade:	0,000 %
Gastos de estudio:	0,00 euros

Segundo.- Dése conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que celebre.

O ALCALDE,

Dou fe,
O Secretario

DECRETO DO ALCALDE

Allariz, 20 de febreiro de 2017

ASUNTO: Operación de crédito a corto prazo (tesourería).
Visto o expediente tramitado;

Vistas as condicións financeiras facilitadas pola entidade financeira ABANCA mediante escrito de data 16.02.2017, con rexistro de entrada núm. 592, de data 17.02.2017.

Esta alcalde, no uso das atribucións que lle confire o artigo 52.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRFRFL), RESOLVO:

Primeiro.- Concertar coa entidade financeira **ABANCA** unha operación de tesourería por importe de **//400.000,00€//** nas seguintes condicións financeiras:

Importe:	400.000,00€
Prazo:	1 ano.
Tipo de interés variable:	Euribor 3 meses + 0,77%.
Liquidación de intereses:	Trimestral.
Revisión tipo de interés:	Trimestral
Amortización:	Ao vencemento, con 3 reducións trimestrais de 25.000 euros. Sin comisións.
Comisións de apertura/non dispoñibilidade:	Exento.

Intervención: Firmase diante o Secretario. Non obstante, o Organismo e o Banco apoderáanse recíprocamente para que calquera das partes podan solicitar a elevación a público do contrato durante a vixencia do mesmo, sendo os gastos e impostos que se ocasionen por conta da parte que o solicite.

Segundo.- Dese conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do mes de febreiro.

O Alcalde

Dou fe,
O Secretario,

4. Moción do BNG instando a correcta sinalización da autoestrada A-52 ao seu paso por Allariz.

Da conta a 1ª tte. de alcalde e concelleira de promoción económica, Mª Cristina Cid Fernández, da moción de data 17.02.2017, núm. 579, presentada polo grupo municipal do BNG, co seguinte texto literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

“Dende hai anos, o Concello de Allariz ven demandando do Ministerio de Fomento unha correcta sinalización da autovía A-52 ao seu paso por Allariz, co obxecto de facilitar unha información precisa as persoas que por ela transitan. Para elo, téñense remitido ao longo destes anos diferentes escritos, nos que se insta, non só á mellora da sinalización, senón tamén á corrección de erros na sinalización actual”. Deste xeito comenzaba a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG no 2013. Dende as primeiras solicitudes, ata o momento, Allariz ten crecido en poboación, en recursos turísticos, en atractivo para os turistas, e no número total de visitas anuais que recibe, convertíndose nun concello referente en materia de turismo.

Si temos en conta o sistema de Sinalización Turística Homologada da Rede de Estradas do Estado, evidenciase que os criterios que o propio sistema indica estáanse a incumplir no noso municipio. Segundo estes criterios, a colocación de paneis turísticos cos pictogramas aprobados polo Ministerio, ubicáranse en lugares de reconecido prestixio e utilidade. Pois ben, Allariz está declarado Conxunto Histórico Artístico dende 1970, conta tamén coa declaración de Concello Turístico, e ademais está declarado dende 2005 Reserva da Biosfera. Allariz Outlet atrae cada ano a miles de persoas, o Festival Internacional de Xardíns recibe máis de 25.000 visitantes en cada edición, a Oficina de Información, atende unha media de 35.000 turistas anuais, ou máis de 15.000 persoas visitan os Museos Municipais..... Estamos polo tanto a falar, dun recoñecemento e prestixio internacional,

que unido á importancia dos recursos turísticos existentes, entres os que se encontra un importante sector de hostelería e comercio, require unha maior atención á súa sinalización.

Nunha provincia como esta, na que segundo o propio Observatorio Económico do Inorde, pérdese poboación, empresas e actividade económica de forma alarmante, resulta preocupante a escasa sensibilidade para atender as necesidades de sinalización dun territorio que está a invertir, segundo o propio Observatorio, a tendencia da provincia.

Nas pasadas semanas rematou a instalación da sinalización dos recursos termais cos que conta a provincia, en diferentes estradas do territorio. Non discutimos a súa oportunidade, pero si que resulta paradóxico que despois de todos estos anos, a relevancia que a nivel turístico coa que conta Allariz, non se tivera en conta á hora de executar plans de sinalización como os mencionados.

No referente á sinalización de zonas industriais, resulta chocante tamén, que nalgún dos paneis de saída da A 52 á altura de Allariz, podamos observar como aparece o Polígono de San Cibrán, que se encontra a 15 kms, e non aparece o Parque Empresarial de Chorente, que se encontra a 1 km. Noutros lugares dúas sinais indican o mesmo recurso, e nengunha como xa se comentou, sinala outros.

Por parte da Policía Local téñense feito diferentes informes dando conta desta situación, e por parte da Asociación de comerciantes e hosteleiros de Allariz segue a plantexarse a adopción de novas medidas para impulsar a corrección destas deficiencias, que polo ben do municipio deberían mellorarse.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao Ministerio de Fomento a correxir as deficiencias en canto a sinaléptica na A-52, incorporando recursos que non están sinalizados e correxindo aqueles que están errados. A modo de resumo:

- . **Sinalizar o Parque Empresarial de chorente.**
- . **Correxir as sinais direccionais indicativas de recursos, colocadas unha vez se toma as saídas da A-52**
- . **Colocar os paneis homologados cos pictogramas correspondentes a" LUGAR MONUMENTAL " e NATURAL, segundo figura na propia normativa do Ministerio.**

2.- Instar á Xunta de Galicia, como Administración competente en materia de turismo, a que emita informe favorable, á revisión de destinos turísticos a sinalizar, incorporando Allariz a esa selección.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, adianta que o seu grupo vai votar favorablemente porque non son sectarios. Explica que votan a favor cando ven que hai unha proposta que é razoable e redundante en beneficio dos veciños de Allariz. Por exemplo, o 1 de decembro pasado o grupo popular presentou unha moción relacionada cos valores catastrais na que se propuñan tres medidas:

1ª. Solicitar a Catastro unha revisión da regularización feita entre 2011 e 2014 para dar de baixa todas as construcións ruinosas ou cun estado de conservación moi deficiente.

Supón que o BNG non estaría en contra de que, efectivamente, se solicitase a Catastro unha regularización en que se deran de baixa todas as construcións ruinosas.

2ª. Solicitar a Catastro a anulación do incremento dos valores catastrais con entrada en vigor no ano 2017 solicitado polo Concello en 2016.

Eiquí é evidente que non vai ir contra os seus propios actos, lóxicamente, se o propio concello solicitou un incremento do valor catastral, non parece lóxico que vaia en contra dos seus propios actos.

3ª. Solicitar a Catastro a revisión da antigüidade das edificacións a data actual para evitar que os valores catastrais dos bens inmóbeis, antes da aplicación do coeficiente RM, sexan superiores aos valores de mercado.

O Sr. Alcalde, sinala o concelleiro, mostrou daquela varios exemplos nos que os valores catastrais non sobrepasaban o 50 por 100 do valor de mercado, parece lóxico, polo tanto, que o BNG non tería inconvinte en que se solicitara a Catastro que se fixera unha revisión da antigüidade de todas as edificacións para que a antigüidade sexa a que teñen a data de hoxe.

Dos tres puntos que se solicitaban había dous que eran perfectamente asumibles polo BNG, sen embargo non propuxeron transacción algunha, votaron directamente en contra. Eso chámase sectarismo, afirma. É dicir, votaron en contra porque a moción foi presentada polo Partido Popular. O concelleiro solicita do BNG e polo tanto do Sr. Alcalde, que cando se presente unha moción por parte do grupo que se sexa, e as propostas son razoables, que se vote favorablemente, que non pasa nada por elo. Nesta ocasión, a proposta que fai o BNG, como parece razoable, o PP vai votar a favor. Non lle can os anelos por votar a favor dunha proposta do Bloque. Ao BNG esto parecélle que sí. Ten un problema de sectarismo tremendo, afirma. Deberían depurar ese comportamento, sinala o concelleiro. Está ben que se estableza esta sinalética, que se corrixa, porque cree que debe ser así, sobre todo polo aspecto monumental de Allariz. No aspecto turístico tamén están de acordo pero hai mais municipios que teñen a declaración de municipio turístico e non teñen unha sinalética especial por ese motivo, pero por razóns monumentais está claro que debe ser recollido. Por todo elo, o PP apoia a moción tal cual, aínda que sexa feita polo BNG porque lles parece razoable. Outra cousa é que hai outras que tamén hai que coidar e que corresponden ao concello e das que é responsable. Por exemplo, o coidado de todas as estradas que están totalmente abandonadas. Está de acordo en que a proposta referida á mellora da sinalética é a terceira vez que se solicita pero, ¿ónde están as medidas que lle corresponde ó concello en canto ás estradas municipais?, pregunta o concelleiro. Porque están totalmente abandonadas, afirma; non hai mais que comparalas coas de municipios colindantes. Reitera que vai apoiar a moción pero gustaríalle que por parte do BNG e por parte do Sr. Alcalde se comportaran, en canto ás mocions presentadas por outros grupos, da mesma maneira que se comporta o grupo municipal do Partido Popular.

Polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba, sinala que está de acordo coa moción, vaina apoiar, e ademais ofrécese para trasladala á deputada do PSOE en Madrid, Rocío de Frutos, se todos están de acordo.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que agradece o apoio dos grupos municipais a esta proposta. Con respecto ao sinalando polo concelleiro do PP, explica que o grupo municipal do BNG tamén é razoable e apoian aquilo que lles parece razoable e teñen apoiado propostas. Obviamente, o que non lles parece razoable é aproveitar unha moción sobre a sinalética para facer unha valoración sobre outras mocions sobre o catastro e os valores catastrais e tampouco sobre as estradas municipais. Agora, o asunto de que se trata é que é habitual que todos os concellos da dimensión e da calidade artística como Allariz, teñen nas autopistas e autovías uns paneis que indican, fundamentalmente, o seu conxunto histórico artístico, sen ir mais lonxe, o de Ribadavia ten esa sinalización na A-52. Por eso se solicita que, no caso de Allariz, tendo en conta a súa actividade turística e o seu sector servizos, esa divulgación contribúa a favorecer ese incremento.

Concluída a exposición, sométese a votación resultando aprobada a moción, *nos mesmos termos presentados, por acordo unánime dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.*

5. Moción do PSdeG-PSOE a prol da construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de mais de 21 anos –CAPD- na provincia de Ourense.

Da conta da moción de data 25.01.2017, núm. 275, presentada polo grupo municipal socialista de Allariz, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba, nos seguintes termos:

Exposición de motivos:

A provincia de Ourense é a única da comunidade galega, que non conta cun CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISVERSIDADE FUNCIONAL, público e de xestión pública; que

ntegre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. Na actualidade hai usuarias/usuarios que están en centros públicos fora da nosa provincia, aos que os seus proxenitores e familiares desexarían en Ourense, sempre que sexa para un centro público e de xestión pública.

Hai rapaces que ao rematar a etapa escolar quedaron nas súas casas debido a que ir a un CAPD público obriga a desprazarse a outras provincias, o que supón romper o vínculo familiar, cuestión que fai de absoluta necesidade contar con prazas de respiro familiar adaptadas a os seus familiares, xa que actualmente as prazas que se ofertan en Ourense son en centros xeriátricos.

Cando as persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral rematan a etapa escolar, teñen 21 anos, e para eles un CAPD vai ser o resto da súa vida; polo tanto, merécese un centro cunhas instalación dignas e adaptadas as súas necesidades, que, como mínimo sexa como os das outras provincias galegas.

Co fin de reediar a discriminación á que se ve sometida, non só a provincia de Ourense, se non tamén tódolos familiares e persoas con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas da provincia, así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL, ou o que é o mesmo un CAPD na provincia de Ourense.

O compromiso de construción dun centro de atención terapéutica –ocupacional, público, de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos.

Máis con ocasión de examinar o proxecto exposto polos técnicos da Consellería a plataforma ProCAPD-Ourense, descubriu que o que se pretende levar a cabo é a creación dun "centro ocupacional con servizo de atención diúrna e residencial". Este proxecto non é o que a Plataforma demanda, nin o que os partidos políticos (PP,PSOE,BNG, EN MAREA, DO) asinaron naquel acordó de setembro; que está moi lonxe das prazas comprometidas e que segundo os planos dificilmente vai poder ser xestionado sen externalizar servizos, imposibilitando a xestión pública tamén comprometida.

O que esixe a plataforma, e o que nos comprometemos as distintas organizacións políticas e sindicais, é un centro de servizos específicos de atención residencial, diúrna e respiro familiar, destinado a persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, que para os/as que dado o seu grado de dependencia, un Centro Ocupacional non é o máis axeitado. O que precisan é un "CENTRO DE ATENCIÓN TERAPÉUTICA-OCUPACIONAL", público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno desta Corporación Municipal de Allariz a adopción do seguinte,

Acordo:

1).- O Pleno amosa o seu rexeitamento ao proxecto de centro ocupacional presentado, por non ser o que precisa a provincia. Nin por servizos, nin número de prazas, nin por garantir a xestión pública, coa que nos comprometemos os partidos políticos en acordo asinado o 19 de setembro de 2016 (*)

2).- O Pleno insta á Xunta de Galicia a que se elabore un novo proxecto que se corresponda cun "CENTRO DE ATENCIÓN TERAPÉUTICA-OCUPACIONAL", público, que execute nunha primeira fase o centro de día e servizos común e que deixe previsto para unha segunda fase o centro residencial.

3).- Instar a Xunta de Galicia a que se garanta, en todo caso, a xestión pública do mesmo.

(*) Este apartado quedou sen efecto durante o debate da moción a petición do grupo propoñente.

No nome do BNG, o Alcalde sinala que están de acordo coa moción, tanto na súa parte expositiva como na dispositiva, participan do mesmo obxectivo, de feito, lle teñen expresado á plataforma o apoio municipal as súas reivindicacións. Polo tanto, non considera oportuno extenderse nas razóns xa expostas pola concelleira do PsdeG-PSOE e vai dar o seu apoio á mesma porque lle parece razoable.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que lle parece razoable a proposta formulada polo PsdeG-PSOE polo que vai votar favorablemente.

Concluída a exposición, sométese a votación resultando aprobada a moción, *nos mesmos termos presentados, por acordo unánime dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.*

6. Moción do PSdeG-PSOE sobre a mellora da transparencia no concello de Allariz.

Da conta da moción de data 06.02.2017, núm. 410, presentada polo grupo municipal socialista de Allariz, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

Exposición de motivos:

As nosas administracións públicas, en xeral, veñen rexistrando déficits de transparencia que vencellados ao fenómeno da corrupción, están a socavar a confianza da cidadanía nos seus representantes e, xunto coa crise económica que padecemos a desafección está dando paso a unha grave crise institucional e perda de lexitimidade da representación pública.

A tendencia favorable a transparencia no ámbito público está abrindo unha ventá de oportunidades para impulsala, tanto dende unha perspectiva puramente normativiz como a implantación dunha cultura de clareza real e efectiva. Aos servidores públicos tócanos actuar con convicción para non desaproveitar esta oportunidade longamente agardada, que cobra unha especial transcendencia nas entidades locais, cuxa proximidade ao cidadán apertura maiores posibilidades de implantar un modelo de xestión transparente e participativo ; en definitiva un Bo Goberno Local.

A cidadanía debe ser o cerne da xestión pública e levar adiante unha xestión transparente dos recursos públicos é unha prioridade no exercicio da política local. A transparencia, pilar fundamental do Bo Goberno, representa non só unha demanda da cidadanía, senón tamén unha oportunidade para a administración local en termos de confianza, lexitimidade e eficiencia, ademais de facilitar a comunicación das políticas municipais.

A transparencia ten que ser unha liña estratéxica na acción e no traballo do noso concello, que debe xogar o papel de impulso na accesibilidade e apertura cidadá do noso goberno local. Un goberno aberto que ten que cimentarse en tres principios básicos:

-Transparencia: tendo en conta que a información pública é propiedade da cidadanía, ésta debe poder acceder a ela de xeito fácil, cómodo e gratuito. A información debe ser facilitada de tal xeito que os cidadáns poidan avaliar e medir a acción do goberno.

-Participación: os cidadáns comprometidos deben ter a posibilidade de aportar os seus coñecementos e as súas opinións sobre as políticas públicas do seu concello. Experiencia e coñecemento de toda a sociedade ao servizo do ben común. Para elo faise imprescindible sensibilizar a veciñanza para que se implique e asuma tamén a súa responsabilidade na vida municipal, na casa común de todos/as.

Colaboración Público-Privada: a cooperación con outras administracións, cós axentes da sociedade civil local e cós veciños/as individualizados permite maximizar a eficiencia e a eficacia da acción do goberno municipal.

Sen transparencia nons e pode aretellar unha verdadeira participación cidadá. Sen transparencia a participación convertese en manipulación. Si os veciños/as non dispoñen de toda a información precisa para opinar, a súa resposta verase parcelada e non será válida xa que non coñecerá toda a realidade do asunto, senón soamente a parte da que foi informada.

Un Concello transparente é aberto, accesible e ético. Conta cunha administración de calidade e próxima a cidadanía ; facilita o acceso a información social, política e económica da entidade local ; facilita información oportuna e confiable, de tal xeito que permite examinar ao goberno municipal e formar opinións sustentadas ; permite que a veciñanza poida realizar un control de acción do goberno, promovendo a rendición de contas e facilitando información sobre actuacións pasadas, presentes e futuras.

Calquera concello con independencia do seu tamaño pode mellorar substancialmente en transparencia. Ese é o caso que nos ocupa. O Concello de Allariz dende fai moito tempo ven apostando decididamente por estes principios. Non se pode perder o ritmo e hai que estar permanentemente innovando e mellorando nesta cuestión vital na vida democrática.

O noso país presenta unhas singularidades e especificidades que dun xeito indirecto inciden nesta vital cuestión : a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e a baixa demografía, a fenda dixital, a planta local e a insuficiente implicación dos entes supramunicipais.

Tal e como indica a normativa sobre esta cuestión, os eixes da transparencia son:

. Publicidade activa: conxunto de información encadradas nas categorías de información institucional, organizativa e de planificación, de relevancia xurídica e económica, orzamentaria e estatística, información que estará a disposición dos cidadáns a través da páxina web ou sede electrónica municipal, e ofrecerase nun formato claro e accesible, estruturada e reutilizable.

. Publicidade pasiva: o dereito o acceso a información constitúe outro dos eixes que vertebra a transparencia. Capacitar aos cidadáns a título individual, e a sociedade civil, como interlocutor xeral, para que coñezan o verdadeiro contido e alcance deste dereito fundamental, a fin de poder exercitalo. O silencio administrativo negativo non pode servir de coartada a esta falla de previsión.

. Bo Goberno: unha vez incorporadas ao ordenamento xurídico as obrigas en materia de bo goberno, é desexable que se adopten as medidas precisas para a súa aplicación práctica e así poder dar resposta a finalidade pretendida.

A transparencia veu para quedarse. Por parte da doutrina na materia se propón un decálogo de actuacións que derivará nun marco efectivo de entidades locais translúcidas na súa xestión, que ofrecen un escenario claro de rendición de contas e capacita aos cidadáns para a participación na toma de decisión no marco de desenvolvemento de políticas de goberno aberto.

O pasado 10 de decembro rematou o prazo de dous anos para adaptarse a Lei de Transparencia. Dende ese día todos os concellos veñen obrigados por imperativo legal a ter publicados nas súas páxinas web "de maneira clara, estruturada e entendible" os orzamentos municipais: os salarios dos seus altos cargos; os contratos asinados, as subvencións concedidas, e outra morea de datos. Pero para cumprir a lexislación vixente nesta materia non basta con publicar datos. A información compartida debe ser " comprensible, de acceso fácil e gratuíto", obrigando a establecer " os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización".

A Comisión Executiva e o Consello Federal da Federación Galega de Municipios e Provincias, na que se integra o Concello de Allariz, aprobaron o mércores 18 de marzo de 2015, o Plan de Transparencia e Bo Goberno para as Entidades Locais.

No preámbulo deste documento afirmase o seguinte:

"Os gobernos locais teñen sido nos últimos anos elementos determinantes dos cambios económicos e sociais que se produciron no noso país, contribuíndo activamente á consolidación da nosa democracia, ao exercicio das liberdades, a igualdade e á xustiza social.

As entidades locais teñen como característica fundamental a proximidade aos cidadáns, o que se traduce en moitos casos nunha maior efectividade á hora de xestionar os recursos públicos (

moitas veces, escasos) e na prestación dos servizos básicos que benefician directamente ás persoas.

Nembargantes, como no resto de administración públicas, en ocasións de producen algún casos de xestión incorrecta dos recursos, corrupción, transfuguismo, falta de transparencia, incumprimento das obragas coa oposición para o control da acción de goberno, alonxamento dos representantes públicos da cidadanía, ou convivencia con intereses empresariais ou privados.

A ampla difusión deses casos a través dos medios de comunicación e a dimensión e gravidade dalgúns deles, teñen producido un notable innegable desgaste da imaxe de todos os representantes públicos e unha xeneralizada desconfianza dos cidadáns cara os políticos e as institucións.

Por todo ilo, a transparencia na xestión, a rendición de contas ante os cidadáns e a aplicación de formulas que combinen a democracia representativa coa participativa, xa non son unha oportunidade aberta para a mellora da gobernanza, senón unha necesidade, e mesmo unha obriga, co triplo obxectivo de recuperar a lexitimidade perdida dos nosos representantes e devolver a confianza cidadá, previr eventuais casos de corrupción ou mala xestión, e reforzar a eficiencia das administración “.

Segundo se pon de manifestó o Plan pretende ser un “ mecanismo que favoreza o traballo, na percura dunha administración moderna e simplificada, que produza respostas rápidas, directas e claras aos cidadáns, que teña como meta o consenso político e social, facilitando asemade o traballo diario dos cargos electos e persoal, fixo ou eventual, das administracións locais”.

A ordenanza tipo que se propón recolle os indicadores do índice de transparencia dos concellos, que son os seguintes:

. Información sobre a Corporación Municipal:

- Información sobre os cargos electos e o persoal do Concello.
- Información sobre a organización e o patrimonio local.
- Información sobre normas e institucións municipais.

. Relacións cós cidadáns e a sociedade:

- Caraterísticas da páxina web do Concello.
- Información e atención ao cidadán.
- Grado de compromiso para coa cidadanía.

. Transparencia económico-financeira:

- Información contable e orzamentaria.
- Transparencia nos ingresos, gastos e débeda municipal.

. Transparencia nas contratacións e os custes dos servizos:

- Proce3dementos de contratación de servizos.
- Suministradores e custes dos servizos.

. Transparencia en materia de urbanismo, obras públicas e medio ambiente:

- Plans de ordenación urbana e convenios urbanísticos.
- Anuncios e licitacións de obras públicas.
- Información sobre concorrentes, ofertas e resolución.
- Obras públicas, urbanismos e infraestruturas.

. Indicadores Lei de Transparencia:

- Planificación e organización do Concello.
- Contratos , convenios e subvencións.
- Persoal do Concello e entidades participadas.

- Información económica e orzamentaria.

Nos tempos que corren precísase máis que nunca abrir as portas e ventas e que a cidadanía sinta as institucións democráticas como propias, máis o seu concello que é a mais próxima, accesibe a achegada. O Concello de Allariz precisa tamén estar a vangarda nesta fundamental materia e proseguir no camiño das portas e as ventas abertas á veciñanza que quere construír o seu futuro.

Para elo e como primeiro apso resulta imprescindible adherirse ao Plan de Transparencia e Bo Goberno das Entidades Locais da Fegamp, que pretende ser *“ un mecanismo que favoreza o traballo, na procura dunha administración moderna e simplificada, que produza respostas rápidas, directas e claras aos cidadáns, que teña como meta o consenso político e social, facilitando asemade o traballo diario das cargas e persoal, fixo ou eventual, das administracións locais”*.

Por todo canto queda exposto, veño a propor ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

Aprobación da Ordenanza de Transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos, na vindeira sesión plenaria do Concello de Allariz.

No nome do BNG, o Alcalde expresa o apoio e voto favorable, na medida en que se está elaborando a nova páxina web do concello, que vai recoller sistemáticamente toda a información dispoñible. Estase valorando tamén a adquisición directa ou sumándose á proposta que a Deputación provincial está a facer para a adquisición de programas para a implantación da administración electrónica e polo tanto, para un concello de seis mil habitantes, ter posibilidade a posibilidade dun coñecemento moi directo en relación á actividade municipal. Hai que ter en conta que a dimensión da crise económica obrigou a recortar gastos que afectaron mesmo a edición de boletíns informativos de carácter mensual que permitían unha divulgación en soporte papel, se ben hoxe poderíase suplir polo soporte en rede a través da web. Niste intre, pola información recabada ao respecto, xa estarían recollidas as propostas que ven de expresar a portavoz do grupo municipal socialista e, sen entrar en competicións a miúdo conducidas por organizacións privadas nas que o grao de transparencia está en relación unicamente en función do número de información que se pon a disposición que pode ser discutible. A miúdo recíbense ofertas para asociarse a entidades do tipo ...“os pobos mais bonitos de ...” de xeito que se formas parte desas estruturas acabas formando parte dun determinado ranking. A transparencia, sen embargo, como xa se expresou, vai máis alá, polo mesmo acepta o compromiso de traer ao vindeiro pleno un texto elaborado pola Fegamp, no que o concello ten participado, e co que coincide. Trasladarase aos grupos con tempo para que todos podan facer suxerencias antes da comisión informativa correspondente, sinala. Reitera que o BNG vai votar favorablemente a proposta.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que o seu grupo vai votar a favor e recorda que con elo, por terceira vez na sesión, demostra que non son sectarios apoando cando consideran razoables as propostas doutros grupos políticos. De todas formas, cree que a mellora da transparencia non pode quedar nunha declaración xenérica de intencións, hai que trasladala ao día a día e a cada caso concreto. E volve a poñer o exemplo xa mencionado da moción presentada polo seu grupo sobre o catastro no mes de decembro. Daquela, sinala, o PP probou que o incremento dos valores catastrais que tiveron lugar nos tres últimos anos foron introducidos polo Catastro a petición do Sr. Alcalde e esas peticións de incremento dos valores catastrais non foron comunicados ao Pleno, o cal é unha falta de transparencia. Por eso, a transparencia hai que facela día a día, non basta con decidir facer unha ordenanza moi bonita, pero cando temos un caso concreto non nos mollamos, non decimos nada e calamos. Hai que solicitála para cada caso concreto, ben sexa polo BNG, polo PP ou polo PSOE. Hai que facelo sempre, afirma.

Por eso, non pode quedar nunha mera declaración de intencións, tense que trasladar a feitos reais, actuacións concretas. Por eso, cando se presenta unha moción por un grupo político, e se propoñen cousas razoables haberá que apoialas, con independencia do grupo que as presente. Naquela moción presentábanse tres solicitudes concretas, dúas delas eran perfectamente asumibles

polo PSOE e polo BNG, pero ningún deles apoiaron un soa das propostas, e non se fixo intención de presentar ningunha transacción ao respecto.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que él non lle vai outorgar ao concelleiro do Partido Popular as credenciais que él mesmo se outorga de dicidir o que é razoable; cada un considera razoable o que cada un entende e os cidadáns xuzgan quen son razoables. Pero tampouco vamos converter esta sesión nun debate sobre o catastro porque xa se fixo. Sobre a transparencia, efectivamente, demostrábase con feitos. O concello ten un regulamento de participación cidadá que foi pioneiro, que permite a participación da xente nos plenos, temos tido asembleas de veciños para asuntos de relevancia, presenza de todos os grupos municipais en todas as mesas de contratación, en todos os tribunais de selección. Eso é transparencia. Despois, os concelleiros votaran no senso que consideren, pero sen considerar por elo ós demais mais ou menos razoables. Cada un ten que comportarse como considere oportuno. O BNG, sinala, ten apoiado múltiples propostas do Partido Popular cando as considerou razoables. A partir de ahí, o pleno debate os asuntos cando se propoñen, cando é sobre sinalización turística debe ser sobre eso, cando é sobre transparencia é sobre isto e o outro é unha cuestión diferente. O BNG está aberto a incorporar nesa ordenanza sobre transparencia aquelas medidas que se consideren para que na páxina web esté presente a información municipal relevante desde o punto de vista económico, orzamentos, contas, informes, débeda... e mesmo toda a información municipal que sexa de interés para os veciños e a facilitar a súa participación na actividade municipal por esa vía. Polo tanto, haberá ocasión a través dese borrador de regulamento para incorporar suxestións antes do pleno do mes de marzo, aceptando como punto de partida o borrador da Fegamp.

Polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, en relación co sinalado polo concelleiro do PP, afirma que ela, como concelleira, ten perfectamente claro, por criterio propio, qué é e qué non é razoable, e apoiará sempre o que considere razoable en cada momento que non sempre coincidirá co Partido Popular; é mais, en moitas cousas dicrepará como é natural, pero non cree que ningún concelleiro teña o poder de atribuírse o que é razoable ou non para condicionar o seu voto.

Concluída a exposición, sométese a votación resultando aprobada a moción, nos mesmos termos presentados, por acordo unánime dos nove concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

7. Rogos e Preguntas

Antes de pasar ás preguntas orais, o Alcalde informa que se presentou por escrito unha pregunta por parte da portavoz do **grupo municipal socialista de Allariz** en relación a un atraco con violencia ocorrido na Parroquia de San Mamede de Urrós na que foi asaltada unha familia, na súa propia vivenda, humillados, estorsionados, agredidos, torturados e roubados:

1ª.- ¿Qué información manexa o concello de Allariz sobre o luctuoso e deplorable suceso?

Contesta o Alcalde sinalando que o concello ten a información que lle trasladou a Garda Civil e a propia Subdelegación do Goberno, como administración competente sobre esta materia, e tamén a que nós mesmos poidemos recabar.

2ª.- ¿Qué tipo de actuacións municipais levou a cabo en relación con este episodio lamentable e coa seguridade da nosa veciñanza municipal?

Contesta o Alcalde sinalando que o primeiro foi contactar coa propia familia, obviamente, nuha visita que o propio Alcalde realizou apoiando e expresándolle a nosa solidariedade. Tense feito

un seguimento do caso a través da Garda Civil e da Policía Local, tendo en conta que son investigacións que aínda están en marcha en relación ao propio suceso.

3ª.- ¿Procedeuse por parte do concello de Allariz á solicitude da oportuna Xunta Local de Seguridade?

Contesta o Alcalde sinalando que a Xunta Local de Seguridade farase próximamente con carácter ordinario. Afortunadamente, con independencia dalgún suceso como o que se está comentando, hai un nivel ordinario de seguridade e tranquilidade, mesmo de resolución de asuntos en relación ó ámbito de seguridade.

4ª.- ¿Existe na actualidade un censo completo de persoas maiores que vivan soas ou con dificultade de mobilidade nos distintos núcleos do noso concello?

Contesta o Alcalde sinalando que hai uns servizos sociais que teñen feito un reforzo importante nesta atención, especialmente vense de aprobar o orzamento municipal no que é coñecido que o 10% dos seis millóns de euros se adican a atención primaria en programas como axuda no fogar, xantar na casa, teleasistencia. Agora mesmo, está en marcha a contratación dunha nova traballadora social mediante concurso de méritos que vai permitir tamén ter un seguimento maior sobre ese censo de persoas que sí existe. Pero todo isto non impide que se podan producir sucesos destas características aínda tendo todos estes medios.

5ª.- Por último, ¿qué medidas pensa poñer en marcha o goberno local en relación con esta alarmante e preocupante cuestión que afecta dun xeito singular á nosa poboación envellecida do medio rural?

Contesta o Alcalde sinalando que, como xa comentou, hai medidas en relación aos servizos sociais, pero hai que indicar que a seguridade en materia de orden público é fundamentalmente unha competencia da Garda Civil; tense reclamado en cada unha das Xuntas de Goberno Local que se incremente a plantilla, que se cubran as vacantes que están sen cubrir no propio cuartel da Garda Civil de Allariz para poder establecer uns turnos de vixilancia. Farase un seguimento tamén a través de benestar social e servizos sociais e sobre todo, o que se fará é un seguimento da evolución desta problemática. Se houbera reincidencia habería que ver cómo se pode abordar a colaboración municipal. Tamén temos solicitado unha colaboración veciñal a través das asociacións e entidades para que calquera circunstancia anómala que vexan en relación a estes aspectos a podan trasladar á propia Policía Local e tamén á Garda Civil para tomar medidas de prevención dentro do posible. Na propia Vila, a pesar de contar con mais marxen de seguridade, sinala, ten habido algún roubo ou algún atraco estando os veciños presentes na propia vivenda, coa Policía Local efectuando rondas; polo que, a seguridade absoluta non existe, se ben comparte a preocupación polo que teñen de cruel os asaltos a persoas destas características e polos métodos empregados.

Oralmente, fórmulanse as seguintes:

Polo **grupo municipal do Partido Popular**, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula as seguintes:

1ª.- Solicita novamente que se recupere a iluminación da fachada oeste do cláustro do Mosteiro de Santa Clara, tal como se pediu noutra ocasión, e se nos dixo que, efectivamente, faltaban uns puntos de luz. Realmente faltan como mínimo oito. Na Barreira, practicamente están todos, sen embargo, nesa zona en concreto non hai ningún punto de luz funcionando, co risco que, como se ten comentado, nesa beirarrúa hai unha zona onde hai un peldano que pode propiciar a caída dunha persona, un risco físico real. En espazos públicos non debe haber peldanos únicos,

sempre ten que haber rámpas ou como mínimo tres peldanos, pero nunca un só, porque é un risco real. Se ademais deste risco físico engadimos que falta iluminación en toda esa cara da Barreira entónces o risco é maior. Por tanto, solicita unha vez mais que se recupere a iluminación porque ademais, coincidindo e relacionándoo co tema anterior, é un monumento que temos en Allariz e débese realzar. Estamos pedindo unha sinalética que informe de que temos un conxunto monumental e sen embargo, un dos edificios senlleiros que temos está totalmente a escuras, o cal parece un pouquiño contradictorio. Está ben pedirlle ós demais pero nós tamén temos que poñer da nosa parte o que nos corresponde, neste caso, iluminar o Mosteiro, por razóns de seguridade e por realce patrimonial.

Contesta o Alcalde sinalando que vai contestar as preguntas, porque hai reflexións que van mais alá da propia pregunta. Estase estudiando a posibilidade dunha incorporación de iluminación tipo led que faga posible un aforro e un mellor comportamento ante os problemas de humidade que a veces ese tipo de luminaria da e que son moi custosas na súa reposición. Obviamente, o concello ten participado no realce do Campo da Feira, da Barreira, do propio Convento. De feito, as obras de urbanización que se teñen feito teñen mellorado substancialmente ese espazo. Sen dúbida, se poidera ser visitable o Cláustro, sería ademais un salto importante nese realce e nesa posibilidade de poder contemplar o patrimonio galego e tamén de todos os alaricanos por todos aqueles que nos visitan. Nesa liña, sinala, vamos colaborar tamén no ámbito da seguridade e no ámbito da mellora da urbanización.

2ª.- En relación coa pregunta pola portavoz do PsdeG-PSOE algo que axudaría en materia de seguridade seguramente sería a iluminación xeral que hai en todos os pobos. Vai sendo hora de que recuperemos todas as farolas en todos os núcleos poñendo iluminarias tipo Led que aforran en gasto enerxético, pero é necesario recuperar eso porque a sensación de inseguridade que hai en moitos dos nosos pobos é mais que notable, e sobre todo tendo en conta o envellecemento da poboación.

Contesta o Alcalde sinalando que hoxe viu un dato nos medios de comunicación de que as empresas eléctricas gañaban corenta e cinco mil millóns de euros nos últimos cinco anos ademais do déficit tarifario que supostamente existe. Isto levou a medidas de aforro enerxético non só nos núcleos rurais senón na propia Vila, sen que entendamos que eso ten unha relación directa coa seguridade. En moitos casos, os puntos de luz que se apagaron unían núcleos de diferentes parroquias, pero o incremento tan brutal da enerxía abocou a que moitos concellos, coma o noso que ten 92 núcleos de poboación en oitenta e oito kilómetros cadrados, con mais de 140 contratos con Gas Natural Fenosa, sen dúbida é necesario priorizar o gasto hacia outros ámbitos. Estase estudando esa substitución con medidas de aforro enerxético pero, obviamente, serán paulatinas e, en todo caso, sempre é unha dúbida entender se a mais ou menos iluminación ten algún efecto sobre o factor seguridade, mais alá do psicolóxico.

3ª.- Estase producindo un aumento do número de palomas que hai en Allariz capital e afecta de maneira especial ó conxunto monumental. Solicita que se tomen medidas o antes posible como se están tomando noutros sitios, como no Barco de Valdeorras, Barcelona e en moitas outras localidades, con medidas que tenden a disminuir o número das palomas, que afectan especialmente a edificios senlleiros e monumentais. Estas medidas deberían tomarse canto antes. Non podemos pedirle medidas ás demais administracións e nós no concello non tomemos ningún tipo de medida, afirma. Nós debemos tomar as que nos corresponden.

Contesta o Alcalde sinalando que nós tomamos medidas todos os días e a todas as horas e, en relación ás pombas, as temos tomado e estamos nese obxectivo de intentar reducir as colonias de pombas que están nos campanarios e que teñen proliferado en demasía. Vaise tratar de reducir o seu número con medidas de control para reducir os efectos que están a producir.

Polo **grupo municipal socialista**, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba, formula oralmente as seguintes:

1ª.- Con respecto aos casos de inseguridade nos núcleos rurais, como tamén se está facendo noutros concellos, quizá habería que propor algún plan de protección civil ou a través da Policía Local, algunha medida de axuda ou información de cara a xente mais maior que vive no noso rural.

2ª.- Quere pedir información sobre unha torreta de luz que hai instalada dende fai anos na rúa das Laxas, dirección Paicordeiro, que ademais de ser paisaxisticamente horrorosa, quizá tamén pode ter algún tipo de perigo para os veciños.

Contesta o Alcalde sinalando que, con respecto á primeira, toma razón da suxerencia, reitera non obstante, que os concellos en materia de seguridade teñen unha serie de competencias que a propia Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local limitou e reduciu na medida en que outras que se tiñan de carácter complementario foron eliminadas e nese aspecto a Policía Local ten labores complementarias, pero a seguridade e, mesmo o seguimento deste suceso penal, correspóndelle á garda civil. Nós estamos de acordo en facer ese seguimento e utilizar, na medida do posible as estruturas de servizos sociais, de feito a persoa que leva a comida ás 55 familias acaba sendo un nexo de contacto da súa situación, das dificultades, e tamén a través de Protección Civil e Policía Local estamos dispostos a facer ese seguimento. Coa nova traballadora social, ademais das labores burocráticas, teremos a posibilidade de ter unha técnica pisando mais os propios domicilios cun traballo mais directo.

Con relación á torre das Laxas pensa que entra dentro das instalacións que ten Gas Natural Fenosa dentro do que é a rede de media tensión que pasa por alí. Hai unha parte que xa se soterrara cando se fixo a variante. Interesarase por esta cuestión, sinala. Engade o Alcalde que hoxe en día calquer traslado destas instalacións é moi complexo facelo a conta da propia empresa, salvo algunha labor urbanizadora no entorno. Obviamente, sería complexo para o concello poder acceder a un soterramento e a unha actuación con cargo aos propios fondos. Estudiarase en detalle cal é a situación para ver se estéticamente se pode facer algunha actuación, sinala.

Finalmente, antes de levantar a sesión, o Alcalde recorda que con motivo do nacemento de Rosalía de Castro, que se celebra nestas datas con diferentes iniciativas, expresa no nome da Corporación unha nova reivindicación do seu papel, da súa figura e polo tanto o Concello súmase a ese movemento que ten propiciado que se honre co seu nome o Aeroporto de Santiago, o cal ten que ser motivo de orgullo para todos os galegos.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás catorce horas e vintetrés minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO